

Achega non autorizada ao Padroado do Museo do Pobo Galego



Acceso ao Museo. | Acceso al Museo.

Aportación no autorizada al Patronato del Museo do Pobo Galego

María Xosé FERNÁNDEZ CERVIÑO

Despois de trinta e dous anos de vida, o Padroado do Museo do Pobo Galego albisca unha nova etapa na súa andaina. Para empezar con bo pé, saúda a aparición do primeiro estudo sistemático sobre a institución: o libro de Fátima Braña, *O Museo do Pobo Galego: contedor de valores*, baseado na tese de doutoramento lida na Universidade de Santiago de Compostela o 10 de novembro de 2006.

Después de treinta y dos años de vida, el Patronato del Museo do Pobo Galego vislumbra una nueva etapa en su andadura. Para empezar con buen pie, saluda la aparición del primer estudio sistemático sobre la institución: el libro de Fátima Braña, *O Museo do Pobo Galego: contedor de valores*, basado en la tesis de doctorado leída en la Universidad de Santiago de Compostela el 10 de noviembre de 2006.



DENIS ESTÉVEZ.



O claustro alto acolle habitualmente exposicións temporais. | El claustro alto acoge habitualmente exposiciones temporales.

O 24 de xaneiro de 1976 marca o punto de partida para unha iniciativa que reavivaba a vella aspiración de contar cun centro no que se reuniran como conxunto ordeado e documentado as manifestacións do quefacer colectivo dos galegos. Os estatutos orixinais enunciaban os fins da entidade: “a investigación, estudo, difusión, conservación, defensa e promoción da cultura galega; e, concretamente, a creación dun museo que recolla as mostras do galego nese eido da actividade humana”.

Pero, antes de chegar á inauguración do Museo, o 29 de outubro de 1977, cómpre dicir que a iniciativa, que se remonta cando menos cen anos no tempo e recolle varias e diversas ideas e tentativas previas, precipítase no outono de 1975, cando Justo Beramendi e Carlos García Martínez, respectivamente xerente e bibliotecario naquela altura da Comisión de Cultura do Colexio de Arquitectos de Galicia, se reúnen con Rafael Baltar, presidente da Comisión, nun xantar no restaurante Chocolate de Vilaxoán. O 5 de novembro presentan á Xunta de Goberno do Colexio un escrito, que leva tamén a sinatura de Manuel Gallego, proponendo a creación do Padroado do Museo do Pobo Galego, proposta que é aprobada en sesión corporativa dous días máis tarde. Os catro asinantes, xunto co Decano do

El 24 de enero de 1976 marca el punto de partida para una iniciativa que reavivaba la vieja aspiración de contar con un centro en el que se reunieran como conjunto ordenado y documentado las manifestaciones del quehacer colectivo de los gallegos. Los estatutos originales enunciaban los fines de la entidad: “la investigación, estudio, difusión, conservación, defensa y promoción de la cultura gallega; y, concretamente, la creación de un museo que recoja las muestras del gallego en ese campo de la actividad humana”.

Pero, antes de llegar a la inauguración del Museo, el 29 de octubre de 1977, hace falta decir que la iniciativa, que se remonta cuando menos cien años en el tiempo y recoge varias y diversas ideas y tentativas previas, se precipita en otoño de 1975, cuando Justo Beramendi y Carlos García Martínez, respectivamente gerente y bibliotecario en aquellos tiempos de la Comisión de Cultura del Colegio de Arquitectos de Galicia, se reúnen con Rafael Baltar, presidente de la Comisión, en un desayuno en el restaurante Chocolate de Vilaxoán. El 5 de noviembre presentan a la Junta de Gobierno del Colegio un escrito, que lleva también la firma de Manuel Gallego, proponiendo la creación del Patronato del Museo do Pobo Galego, propuesta que es aprobada en sesión corporativa

COAG, Andrés Fernández-Albalat, son facultados para realizar as xestións necesarias para levar a termo o plan.

Feron trinta e dous os asistentes á primeira xuntanza, celebrada no Hostal dos Reis Católicos aquel 24 de xaneiro. As persoas chamadas a participar procedían e representaban as distintas áreas das ciencias sociais, coa intención de formar unha base ampla e estable que garantise a eficacia, a independencia e o futuro do Padroado. Ao mesmo tempo, sen perxuízo do seu carácter privado, invitouse ás institucións vinculadas á cultura (entidades académicas e científicas, outros museos) e ás Administracións públicas. Quero subliñar, porque hai unha confusión bastante estendida ao respecto, que o Padroado do Museo do Pobo Galego é unha entidade privada sen ánimo de lucro, axustada á Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Na sesión fundacional do 31 de xullo de 1976 elixíronse os cargos directivos. Para o Padroado: presidente, Xaquín Lorenzo¹; vicepresidentes, Antonio Fraguas¹, Xesús Taboada Chivite¹, Andrés Fernández-Albalat e Xosé María Álvarez Blázquez¹. A Xunta Reitora tiña como presidente a Rafael Baltar¹; secretario, Justo Beramendi; tesoureiro, Felipe Arias Vilas; contador, Luciano García Alén; vocais, Ramón Piñeiro¹, Isaac Díaz Pardo e un representante do Concello de Santiago. Director do Museo, Antonio Fraguas¹, e secretario, Carlos García Martínez¹.

A designación dos primeiros presidente e director obedeceu á vontade explícita de vincular a nova institución co extinto Seminario de Estudos Galegos, no que se procuraba o referente válido para encamiñar o labor do Padroado. Tanto Lorenzo como Fraguas permaneceron nos seus postos ata a súa defunción; ao falecer o primeiro en xullo de 1989 asume Fraguas a presidencia, que simultanea coa dirección ata que, en maio de 1999, renuncia por motivos de saúde, quedando como director honorario ata o seu pasamento en novembro do mesmo ano. Nese momento Carlos García Martínez asume de xeito oficial a dirección que xa desempeñaba na práctica.

Amigos fraternos, unidos pola entrega á causa de Galicia, hai entre Antonio Fraguas e Xaquín Lorenzo non poucas diverxencias biográficas e psicolóxicas. Para os dous a guerra civil supuxo un trauma decisivo. Fraguas non participou na contenda, pero foi vítima de ignominiosas represalias que lle deixaron un pouso amargo que nunca foi quen de neutralizar. Don Xaquín, mobilizado no bando nacional, foi ferido nos primeiros momentos e de resultas quedoulle un brazo parcialmente incapacitado, pero non abrigaba, en aparencia, o agravio que

dos días máis tarde. Los cuatro firmantes, junto con el Decano del COAG, Andrés Fernández-Albalat, son facultados para realizar las gestiones necesarias para llevar a término el plan.

Fueron treinta y dos los asistentes a la primera junta, celebrada en el Hostal dos Reis Católicos aquel 24 de enero. Las personas llamadas a participar procedían y representaban las distintas áreas de las ciencias sociales, con la intención de formar una base amplia y estable que garantizara la eficacia, la independencia y el futuro del Patronato. Al mismo tiempo, sin perjuicio de su carácter privado, se invitó a las instituciones vinculadas a la cultura (entidades académicas y científicas, otros museos) y a las Administraciones públicas. Quiero subrayar, porque hay una confusión bastante extendida al respecto, que el Patronato del Museo do Pobo Galego es una entidad personal sin ánimo de lucro, ajustada a la Ley orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora del derecho de asociación.


En la sesión fundacional del 31 de julio de 1976 se eligieron los cargos directivos. Para el Patronato: presidente, Xaquín Lorenzo¹; vicepresidentes, Antonio Fraguas¹, Xesús Taboada Chivite¹, Andrés Fernández-Albalat y Xosé María Álvarez Blázquez¹. La Junta Rectora tenía como presidente a Rafael Baltar¹; secretario, Justo Beramendi; tesorero, Felipe Arias Vilas; contador, Luciano García Alén; vocales, Ramón Piñeiro¹, Isaac Díaz Pardo y un representante del Ayuntamiento de Santiago. Director del Museo, Antonio Fraguas¹, y secretario, Carlos García Martínez¹.

La designación de los primeros presidente y director obedeció a la voluntad explícita de vincular la nueva institución con el extinto Seminario de Estudos Galegos, en el que se buscaba el referente válido para encaminar la labor del Patronato. Tanto Lorenzo como Fraguas permanecieron en sus puestos hasta su defunción; al fallecer el primero en julio de 1989 asume Fraguas la presidencia, que simultanea con la dirección hasta que, en mayo de 1999, renuncia por motivos de salud, quedando como director honorario hasta su muerte en noviembre del mismo año. En ese momento Carlos García Martínez asume de manera oficial la dirección que ya desempeñaba en la práctica.

Amigos fraternos, unidos por la entrega a la causa de Galicia, hay entre Antonio Fraguas y Xaquín Lorenzo no pocas divergencias biográficas y psicológicas. Para los dos la guerra civil supuso un trauma decisivo. Fraguas no participó en la contienda, pero fue víctima de ignominiosas represalias que le dejaron un poso amargo que nunca fue capaz de neutralizar. Don Xaquín, movi-lizado en el bando nacional, fue herido en los primeros momentos y como resultado le quedó un brazo parcialmente incapacitado,

¹ Na actualidade preside o padroado Isaac Díaz Pardo, con Luciano García Alén, Fernando Acuña, a conselleira de Cultura e Deporte e o alcalde de Santiago de Compostela como vicepresidentes. A Xunta Reitora, presidida por Justo Beramendi, ten como secretario a Manuel Caamaño; tesoureiro Lino Lema, vocais Xosé Manuel González Reboredo, Clodio González Pérez, Francisco J. Sanjiao, o director xeral de Patrimonio cultural, a concelleira de Cultura de Santiago e, en representación dos socios do Museo, Fátima Braña e Xoán Ramón Marín. Director do Museo Carlos García Martínez e secretaria María Xosé Fernández.

¹ En la actualidad preside el patronato Isaac Díaz Pardo, con Luciano García Alén, Fernando Acuña, la conselleira de Cultura e Deporte y el alcalde de Santiago de Compostela como vicepresidentes. La Junta Rectora, presidida por Justo Beramendi, tiene como secretario a Manuel Caamaño; tesorero Lino Lema, vocales Xosé Manuel González Reboredo, Clodio González Pérez, Francisco J. Sanjiao, el director xeral de Patrimonio cultural, la concejala de Cultura de Santiago y, en representación de los socios del Museo, Fátima Braña y Xoán Ramón Marín. Director Carlos García Martínez y secretaria María Xosé Fernández.



A recollida e exposición dos oficios tradicionais concentrou os primeiros esforzos da institución. | La recogida y exposición de los oficios tradicionales concentró los primeros esfuerzos de la institución.

en don Antonio a floraba de cando en vez, embazando a súa prístina bondade.

Xaquín Lorenzo, fillo da pequena burguesía urbana, criado no círculo culto dos seus ilustres veciños da ourensá rúa da Paz, agachaba tras unha triste figura unha personalidade xentil e un humor vivaz. Solteiro e con poucos vínculos familiares, entregouse sen reservas ao Museo, unha ilusión moi querida á que contribuíu con entusiasmo, na medida en que llo permitían a distancia e a súa austera economía, concluíndo no legado da súa esquilmada biblioteca e arquivo persoal (sempre deu a mans cheas) e dos seus dereitos de propiedade intelectual a favor da institución.

Antonio Fraguas, un neno labrego que conquistou palmo a palmo o seu lugar no mundo, foi, en cambio, algo reticente. Xeneroso e disciplinado (“o soldado fiel”, chámalle Beramendi no volume que o Museo lle dedicou no seu centenario), Fraguas estaba sempre disposto para canto se requirise del, pero algo lle impedía confiar ata as últimas consecuencias no bo sentido duns “rapaces” significados por unha ideoloxía de esquerda nacionalista. Ao Museo legoulle o seu ben máis prezado, a valiosa biblioteca que arrequecera con agarimo ao longo de toda unha vida, pero os que compartimos con el o traballo cotián sabemos da súa permanente inquietude diante do que vía como a maior ameaza: que os cartos non chegasen e o Museo tivese que pechar as portas, deixando na rúa os poucos efectivos humanos con que contaba.

tado, pero no abrigaba, en aparencia, el agravio que en don Antonio a floraba de vez en cuando, empañando su prístina bondad.

Xaquín Lorenzo, hijo de la pequeña burguesía urbana, criado en el círculo culto de sus ilustres vecinos de la ourensana calle de la Paz, escondía tras una triste figura una personalidad gentil y un humor vivaz. Soltero y con pocos vínculos familiares, se entregó sin reservas al Museo, una ilusión muy querida a la que contribuyó con entusiasmo, en la medida en que se lo permitían la distancia y su austera economía, concluyendo en el legado de su esquilmada biblioteca y archivo personal (siempre dio a manos llenas) y de sus derechos de propiedad intelectual a favor de la institución.

Antonio Fraguas, un niño labrador que conquistó palmo a palmo su lugar en el mundo, fue, en cambio, algo reticente. Generoso y disciplinado (“el soldado fiel”, le llama Beramendi en el volumen que el Museo le dedicó en su centenario), Fraguas estaba siempre dispuesto para cuanto se requiriera de él, pero algo le impedía confiar hasta las últimas consecuencias en el buen sentido de unos “chavales” significados por una ideología de izquierda nacionalista. Al Museo le legó su bien más preciado, la valiosa biblioteca que aprovechó con cariño a lo largo de toda una vida, pero los que compartimos con él el trabajo cotidiano sabemos de su permanente inquietud delante del que veía como la mayor amenaza: que el dinero no llegara y el Museo tuviera que cerrar las puertas, dejando en la calle a los pocos efectivos humanos con que contaba.



Aspecto parcial da sala de Música. | Aspecto parcial de la sala de Música.

Parafraseando a Stefan Zweig, non sei ata que punto ten validez hoxe en día o legado daqueles homes do Seminario de Estudos Galegos, ata que punto é importante para unha xeración enxordecida polo troupeleio do muíño da propaganda, pero estou certa da confortadora vixencia duns valores relacionados coa ética, a política e a sociedade humana, que encarnaron Xaquín Lorenzo e Antonio Fraguas.

Homo finit, opera manent. Aquelles próceres da cultura deixaron o testemuño nas mans doutros dous protagonistas indiscutibles da historia do MPG: Carlos García Martínez e Justo Beramendi. Ambos, que foran a chispa xeratriz do movemento que levou á constitución do Padroado, seguen na brecha, o primeiro na dirección e o segundo, desde o ano 2000, presidindo a Xunta Reitora. Entrambos forman hoxe, como hai tres décadas, a cabeza tractora dun conxunto do que uns cantos máis somos as pancas de mando e as transmisións. Leva un furgón de mercancías onde vai xente que desempeña diferentes mesteres en función da súa dispoñibilidade e coas limitacións que, para algúns patróns, impón a distancia, e un coche restaurante onde, dúas veces ao ano, se fai tertulia arredor dunha mesa; entre un e outro, algúns se encargan de levar e traer información e mensaxes; pero non se confunda visibilidade con traballo efectivo.

Nese carácter *filantrópico* duns poucos radica, ao meu entender, a principal eiva do Museo do Pobo Galego no presen-

Parafraseando a Stefan Zweig, no sé hasta qué punto tiene validez hoy en día el legado de aquellos hombres del Seminario de Estudos Galegos, hasta qué punto es importante para una generación ensordecida por el tropel del molino de la propaganda, pero estoy convencida de la confortadora vigencia de unos valores relacionados con la ética, la política y la sociedad humana, que encarnaron Xaquín Lorenzo y Antonio Fraguas.

Homo finit, opera manent. Aquellos próceres de la cultura dejaron el testimonio en las manos de otros dos protagonistas indiscutibles de la historia del MPG: Carlos García Martínez y Justo Beramendi. Ambos, que habían sido la borracha generatriz del movimiento que llevó a la constitución del Patronato, siguen en la brecha, el primero en la dirección y el segundo, desde el año 2000, presidiendo la Junta Rectora. Ambos forman hoy, como hace tres décadas, la cabeza tractora de un conxunto del que unos cuantos máis somos las palancas de mando y las transmisiones. Leva un furgón de mercancías donde va gente que desempeña diferentes menesteres en función de su disponibilidad y con las limitaciones que, para algunos patrones, impone la distancia, y un coche restaurante donde, dos veces al año, se hace tertulia alrededor de una mesa; entre uno y otro, algunos se encargan de llevar y traer información y mensajes; pero no se confunda visibilidad con trabajo efectivo.

En ese carácter filantrópico de unos pocos radica, a mi entender, el principal defecto del Museo del Pueblo Gallego en el

te e de cara ao futuro, isto é: non ter sido quen de superar o carácter orixinal de iniciativa voluntarista. Non sei se os anos pasados nos fixeron máis sabios ou máis cegos, pero o caso é que a idade media dos patróns numerarios está por riba dos 60. O impulso que en plenas exequias da ditadura congregou un grupo de xente, daquela moza, en torno ao Museo do Pobo Galego atopa hoxe canle plenamente normalizada na acción política, e os mesmos cambios na estrutura socioeconómica e cultural do país determinan que arestora non sexa doado atopar xente disposta a relevarnos nas mesmas condicións en que nós viñemos traballando. Pero son optimista. Os socios do Museo son unha valiosa canteira da que, ademais dunha contribución non desdeñable ao sostemento económico da asociación, teñen saído patróns e patroas que xogan un papel angular na súa estrutura operativa. E creo que se o MPG ten que pasar, como calquera organismo humano, por momentos de debilidade, logo sairá fortalecido e non perecerá, porque a riqueza non se crea nin se destrúe.

A realidade actual do Museo do Pobo Galego plásmase nas súas salas permanentes: o mar, o campo, os oficios, o traxe, a música, a arquitectura, a sociedade: memoria e tradición, a imprenta e a prensa; toda unha panorámica da cultura galega, aínda que fragmentaria, polo seu desenvolvemento gradual e sempre curto de recursos. Desas salas pódese tirar unha visión sintética do rico patrimonio que se conserva nas reservas visitables, nos arquivos e na biblioteca, que xunto aos fondos propios custodia os legados de Xaquín Lorenzo, Antonio Fraguas, Xesús Taboada Chivite, Antón Rodríguez Fraiz, Manuel Beiras e a familia Baltar. Convén subliñar que a gran maioría deste patrimonio, tanto os fondos museísticos coma os documentais e bibliográficos, ingresou por doazón ou en depósito, un feito significativo verbo da recepción social do labor do Museo. Ese labor faise visible tamén no catálogo de publicacións, na realización de 280 exposicións temporais, nun número de visitantes que supera os dous millóns...

Cos parámetros estatísticos con que arestora se valoran as cousas existe a tendencia a medir a "rendibilidade" dos museos polo número de visitantes que reciben. Resulta opinable a pertinencia do concepto da mercadotecnia para calquera em-



1977 (29 outubro). Xaquín Lorenzo e Antonio Fraguas, rodeados polos membros do Padroado e asistentes á xornada de inauguración do Museo | 1977 (29 outubro). Xaquín Lorenzo y Antonio Fraguas, rodeados por los miembros del Patronato y los asistentes en el día de la inauguración del Museo.


“Non sei se os anos pasados nos fixeron máis sabios ou máis cegos, pero o caso é que a idade media dos patróns numerarios está por riba dos 60”

“No sé si los años pasados nos hicieron más sabios o más ciegos, pero el caso es que la edad media de los patrones numerarios está por encima de los 60”

La realidad actual del Museo do Pobo Galego se plasma en sus salas permanentes: el mar, el campo, los oficios, el traje, la música, la arquitectura, la sociedad: memoria y tradición, la imprenta y la prensa; toda una panorámica de la cultura gallega, aunque fragmentaria, por su desarrollo gradual y siempre corto de recursos. De esas salas se puede sacar una visión sintética del rico patrimonio que se conserva en las reservas visitables, en los archivos y en la biblioteca, que junto a los fondos propios custodia los legados de Xaquín Lorenzo, Antonio Fraguas, Xesús Taboada Chivite, Antón Rodríguez Fraiz, Manuel Beiras y la familia Baltar. Conviene subrayar que la gran mayoría de este patrimonio, tanto los fondos museísticos como los documentales y bibliográficos, ingresó por donación o en depósito, un hecho significativo verbo de la recepción social de la labor del Museo. Esa labor se hace visible también en el catálogo de publicaciones, en la realización de 280 exposiciones temporales, en un número de visitantes que supera los dos millones...

Con los parámetros estadísticos con que ahora se valoran las cosas existe la tendencia a medir la "rentabilidad" de los museos por el número de visitantes que reciben. Resulta opinable la perti-

presente y a cara descubierta al futuro, esto es: no haber sido quien de superar el carácter original de iniciativa voluntarista. No sé si los años pasados nos hicieron más sabios o más ciegos, pero el caso es que la edad media de los patrones numerarios está por encima de los 60. El impulso que en plenas exequias de la dictadura congregó un grupo de gente, en aquella época joven, en torno al Museo do Pobo Galego encuentra hoy un canal plenamente normalizado en la acción política, y los mismos cambios en la estructura socioeconómica y cultural del país determinan que ahora no sea fácil encontrar gente dispuesta a relevarnos en las mismas condiciones en las que nosotros hemos trabajado. Pero soy optimista. Los socios del Museo son una valiosa cantera de la que, además de una contribución no desdeñable al sostenimiento económico de



A triple escaleira de Domingo de Andrade é imaxe e emblema do Museo. | La triple escalera de Domingo de Andrade es imagen y emblema del Museo.

presa cultural pero, aínda admitíndoo, para avaliar o labor dun museo non debemos conformarnos cos números, senón afondar un pouco máis e facer iso que se vén chamando, tamén con dubidosa pertinencia, un “estudo de mercado”. Pois ben, o Museo do Pobo Galego faíno, e isto permite constatar que, mentres o número de visitas se vén mantendo ano tras ano, coas previsibles fluctuacións á alza ligadas aos anos xubilares de Compostela, a proporción de visitantes galegos tende a decrecer mentres se incrementa a dos foráneos, maiormente turistas. ¿Perdeu interese para o seu público o Museo do Pobo Galego? Entendo que non é tanto isto canto, por unha parte, o fenómeno do *déjà vu* e, por outra, o incremento da oferta cultural no país no seu conxunto; os cidadáns de Tui, de Mondoñedo ou de Betanzos, poñamos por caso, xa non teñen que ir moi lonxe para visitaren un museo etnográfico ou unha exposición de arte contemporánea, e habemos de nos felicitar por iso. Máis preocupante resulta o primeiro factor, o cansazo. Certo é que cada ano se organiza un bo número de exposicións e actos que deberían atraer, con máis ou menos tirón, público local. Pero fóra destas convocatorias eventuais, o Museo necesita unha remodelación a fondo. Os recursos ordinarios cobren os traballos correntes de mantemento e, de cando en vez, a actualización dunha sala. Para as accións de maior alcance necesítanse recursos extraordinarios, e estes veñen sempre do mesmo lado: da administración pública.

nencia del concepto del marketing para cualquier empresa cultural pero, aun admitiéndolo, para evaluar la labor de un museo no debemos conformarnos con los números, sino ahondar un poco más y hacer eso que se viene llamando, también con dudosa pertinencia, un “estudio de mercado”. Pues bien, el Museo do Pobo Galego lo hace, y esto permite constatar que, mientras el número de visitas se viene manteniendo año tras año, con las previsibles fluctuaciones al alza ligadas a los años jubileos de Compostela, la proporción de visitantes gallegos tiende a decrecer mientras se incrementa la de los foráneos, mayormente turistas. ¿Perdió interés para su público el Museo do Pobo Galego? Entiendo que no es tanto esto cuanto, por una parte, el fenómeno del *déjà vu* y, por otra, el incremento de la oferta cultural en el país en su conjunto; los ciudadanos de Tui, de Mondoñedo o de Betanzos, pongamos por caso, ya no tienen que ir muy lejos para visitar un museo etnográfico o una exposición de arte contemporánea, y hemos de felicitarnos por eso. Más preocupante resulta el primer factor, el cansancio. Certo es que cada año se organiza un buen número de exposiciones y actos que deberían atraer, con más o menos tirón, al público local. Pero fuera de estas convocatorias eventuales, el Museo necesita una remodelación a fondo. Los recursos ordinarios cubren los trabajos corrientes de mantenimiento y, de vez en cuando, la actualización de una sala. Para las acciones de mayor alcance se necesitan recursos extraordinarios, y estos vienen siempre del mismo lado: de la administración pública.

Unha oportunidade decisiva preséntase co proxecto do Consorcio da Cidade de Santiago, dentro do seu programa para os grandes monumentos, de promover o plan director do conxunto de Bonaval. Nos estudos estratégicos previos, levados a cabo por unha comisión mixta Consorcio-Museo coas correspondentes asistencia técnicas, inclúese unha proposta de renovación do programa museolóxico e da museografía, con reasignación dos espazos actuais. Confiamos que no horizonte de 2015 (pois os traballos acometeranse por fases para evitar o peche do Museo) a remodelación sexa completa.

Isto ha levar aparellados, por forza, cambios no proxecto expositivo, e mesmo na estrutura do Padroado. É ben certo que a institución se pode considerar consolidada, ten recoñecementos e galardóns dabondo, pero a evolución sociocultural que vén experimentando o país desde que se fundou e as novas tendencias da museoloxía a escala internacional pón-na nunha encrucillada fundamental, non só para dar resposta ás novas demandas, senón para seguir cumprindo aquel papel inicial que se lle quixo atribuír como “unha entidade dinámica que acolla no seu seo unha síntese da cultura popular galega nas súas diversas facetas. Unha institución que recolla e conserve esta cultura, pero que supere o ámbito museolóxico tradicional, que a estude cientificamente e a divulgue. Como labor principal terá a de salvar aqueles aspectos éticos, sociais e materiais que non impidan a dinámica cultural senón que, pola contra, a enriquezan”. Este propósito inspirou a creación en maio de 2005 do Instituto de Estudos das Identidades, encamiñado a “establecer e desenvolver liñas de investigación e de intervención sociocultural nos diferentes ámbitos que lle son propios ao Museo, con especial atención ao estudo interdisciplinar da identidade galega e da súa interrelación ou comparación con outras identidades” e coa aspiración de “estimular a colaboración estable de novos investigadores e técnicos no marco do Museo”. Pero non nos enganemos: os nomes seguen a ser os mesmos.

Empeza a ser urxente preparar o futuro. ¿Quen son os chamados a tomar o relevo das nosas mans? Os que o fagan partirán dunhas bases ben diferentes ás que sustentaron o arranque e o labor feito ata aquí. Entre eles terá que haber profesionais especializados na xestión cultural. Esta perspectiva, seino, o simple termo “xestión”, suscita inquietude e mesmo aversión en máis dun patrón, en especial naqueles que ven o Museo como a propia casa. Para min, que tamén o vexo así, está claro que o capital efectivo que constitúe o Museo do Pobo Galego é un patrimonio colectivo que ten que ser administrado dun modo axeitado aos tempos que corren, sobre todo se temos en conta un cadro de persoal de relativa importancia que demanda a aplicación de criterios xerenciais.

O desafío estriba en facelo con fidelidade aos principios herdados de amor á terra e xenerosidade que, ata aquí, intentamos, con maior ou menor fortuna, pero de forma responsable e leal, manter e plasmar na traxectoria do MPG. **G**

María Xosé Fernández Cerviño é secretaria do Museo do Pobo Galego.

Una oportunidad decisiva se presenta con el proyecto del Consorcio de la Ciudad de Santiago, dentro de su programa para los grandes monumentos, de promover el plan director del conjunto de Bonaval. En los estudios estratégicos previos, llevados a cabo por una comisión mixta Consorcio-Museo con las correspondientes asistencia técnicas, se incluye una propuesta de renovación del programa museológico y de la museografía, con reasignación de los espacios actuales. Confiamos que en el horizonte de 2015 (pues los trabajos se acometerán por fases para evitar el cierre del Museo) la remodelación sea completa.

Esto ha de llevar aparejados, por fuerza, cambios en el proyecto expositivo, e incluso en la estructura del Patronato. Es bien cierto que la institución se puede considerar consolidada, tiene reconocimientos y galardones de sobra, pero la evolución sociocultural que viene experimentando el país desde que se fundó y las nuevas tendencias de la museología a escala internacional la ponen en una encrucijada fundamental, no sólo para dar respuesta a las nuevas demandas, sino para seguir cumpliendo aquel papel inicial que se le quiso atribuir como “una entidad dinámica que acoja en su seno una síntesis de la cultura popular gallega en sus diversas facetas. Una institución que recoja y conserve esta cultura, pero que supere el ámbito museológico tradicional, que la estudie científicamente y la divulgue. Como labor principal tendrá la de salvar aquellos aspectos éticos, sociales y materiales que no impidan la dinámica cultural sino que, por el contrario, la enriquezcan”. Este propósito inspiró la creación en mayo de 2005 del Instituto de Estudios das Identidades, encaminado a “establecer y desarrollar líneas de investigación y de intervención sociocultural en los diferentes ámbitos que le son propios al Museo, con especial atención al estudio interdisciplinar de la identidad gallega y de su interrelación o comparación con otras identidades” y con la aspiración de “estimular la colaboración estable de nuevos investigadores y técnicos en el marco del Museo”. Pero no nos engañemos: los nombres siguen siendo los mismos.

Empez a ser urgente preparar el futuro. ¿Quiénes son los llamados a tomar el relieve de nuestras manos? Los que lo hagan partirán de unas bases bien diferentes a las que sustentaron el arranque y la labor hecha hasta aquí. Entre ellos tendrá que haber profesionales especializados en la gestión cultural. Esta perspectiva, lo sé, el simple término “gestión”, suscita inquietud e incluso aversión en más de un patrón, en especial en aquellos que ven el Museo como la propia casa. Para mí, que también lo veo así, claro está que el capital efectivo que constituye el Museo do Pobo Galego es un patrimonio colectivo que tiene que ser administrado de un modo adecuado a los tiempos que corren, sobre todo si tenemos en cuenta un plantel de relativa importancia que demanda la aplicación de criterios gerenciales.

El desafío estriba en hacerlo con fidelidad a los principios heredados de amor a la tierra y generosidad que, hasta aquí, intentamos, con mayor o menor fortuna, pero de forma responsable y leal, mantener y plasmar en la trayectoria del MPG. **G**

María Xosé Fernández Cerviño es secretaria del Museo do Pobo Galego.